

Restrinxir acceso a páxinas

Nesta sección imos explicar como podemos restrinxir o acceso a segundo que páxinas, para que só as persoas autorizadas poidan acceder a certas partes do noso sitio web.

Atención: O acceso restrinxido a páxinas usando as variables globais \$PHP_AUTH_USER, \$PHP_AUTH_PW e \$PHP_AUTH_TYPE só funciona se PHP foi instalado como un módulo de Apache, se foi instalado como un CGI os exemplos desta sección non funcionarán.

Para conseguir a autenticación nas páxinas usaremos o sistema de autenticación do protocolo HTTP, este sistema baséase nas variables de servidor \$_SERVER['PHP_AUTH_USER'] e \$_SERVER['PHP_AUTH_PW'].

- 1.- \$_SERVER['PHP_AUTH_USER']. Nome de usuario introducido.
- 2.- \$_SERVER['PHP_AUTH_PW']. Contraseña introducida.

Para que o navegador nos mostre a fiestra de petición de nome de usuario e contraseña basta con enviar a seguinte cabeceira:

```
<?php

if (!isset($_SERVER['PHP_AUTH_USER'])) {
    header('WWW-Authenticate: Basic realm="Acceso restrinxido"');
    header('HTTP/1.0 401 Unauthorized');
    echo 'Requerida autenticación para acceder a esta páxina.';
    exit;
}
else {
    echo "<p>Introduciu como nome de usuario: {$_SERVER['PHP_AUTH_USER']}</p>";
    echo "<p>Introduciu como contraseña: {$_SERVER['PHP_AUTH_PW']}</p>";
}
?>
```

Isto provoca que se mostre a fiestra de nome de usuario e contraseña e os datos introducidos asígnense ás variables \$_SERVER['PHP_AUTH_USER'] e \$_SERVER['PHP_AUTH_PW'].

A partir de aquí realizaremos as comprobacións necesarias para asegurarnos que os datos introducidos son os correctos.

No seguinte exemplo pediremos autorización e comprobaremos se o nome de usuario é marta e a contraseña abc123 se é así teremos acceso ao resto da páxina.

```
<?phpif (($_SERVER['PHP_AUTH_USER'] != "marta") || ($_SERVER['PHP_AUTH_PW'] != "abc123")) {
    header('WWW-Authenticate: Basic realm="Acceso restrinxido"');
    header('HTTP/1.0 401 Unauthorized');
    echo 'Autorización requerida para acceder a esta páxina.';
    exit;
}
?>
<html>
    <head>
        <title>Exemplo de PHP</title>
    </head>
    <body>
        Consegui o acceso a zona restrinxida</B>.
    </body>
</html>
```

--Veiga (discusión) 20:43 11 ene 2016 (CET)